

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión e estudantes de 30 de xullo de 2026.

Visto o acordo do 30 de xullo de 2026 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida na Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias (aprobado no consello de goberno do 28 de outubro de 2025), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, das actividades expresadas a continuación e recollidas no Anexo:

- Propostas individuais de actividades académicas con carácter docente
- Proposta de oferta de Cursos virtuais eDestrezas organizados pola Vicerreitoría de Docencia e Transformación Educativa para o 1º cuadrimestre do curso 2026/2027

De acordo co artigo 4 da normativa citada: “O estudantado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de carácter xeral pola súa participación en actividades universitarias ata un máximo equivalente ao 10 % do total de créditos do plan de estudos da titulación que estea a cursar.

O mínimo de créditos recoñecibles polo conxunto destas actividades será de 6 ECTS, sen prexuízo dos límites máximos establecidos nos puntos anteriores”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora

Por delegación R.R. do 02/07/2026 (DOG do 8 de xullo)

A vicerreitora de Estudantado e Vida Universitaria.

Mª Dolores González Álvarez



ANEXO

- Actividades académicas con carácter docente

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Datas realización
Curso: O imposto sobre sociedades na Unión Europea	720277	Departamento de Dereito Público Especial (módulo Jean Monnet: “O poder financeiro na Unión Europea” TAX ECOFIN MONNET, 101176306	Luís Miguel Muleiro Parada	20	Do 15/09/2026 ao 06/10/2026
Seminario sobre Recursos didácticos dixitais musicais	720278	Departamento de Didácticas especiais	Lucía Casal de la Fuente	9	30/09/2026
XIV Congreso Centro estudos Chamoso Lamas: O ribeiro, a cultura do viño, patrimonio, territorio e xentes	720279	Colaboración entre o Departamento de socioloxía da Facultade de Dirección e Xestión Pública co Centro de estudos Chamoso Lamas	Rosa María Ricoy Casas	25	Do 02/102026 ao 04/10/2026



- Cursos virtuais eDestrezas organizados pola Vicerreitoria de Docencia e Transformación Educativa para o 1º cuadrimestre do curso 2026/2027

Título do curso	Código Sigma	Responsable	Datas de celebración	Duración total do curso	Créditos recoñecidos
Utilización responsable de Inteligencia Artificial Generativa sobre ChatGPT	720280	Pedro Orgeira Crespo	Do 21/09 a 26/10	30h	1,2
Python para principiantes	720281	Antonio Fernández Álvarez	Do 23/09 a 28/10	30h	1,2
Fundamentos de Ofimática con Microsoft Office	720282	Guillermo Rey González	Do 25/09 a 30/10	30h	1,2
Fundamentos de diseño CAD con Autocad	720283	Antonio Ballesteros Pazó	Do 27/10 a 01/12	30h	1,2
Fundamentos de diseño gráfico con Illustrator e Photoshop	720284	Tania Sueiro Graña	Do 11/11 a 16/12	30h	1,2
Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel	720285	Guillermo Rey González	Do 06/11 a 11/12	30h	1,2

